

Dúas obras fundacionais de Carlos Casares

04.05.2010 'A galiña azul' e 'As laranxas máis laranxas de todas as laranxas'

MAR FERNÁNDEZ VÁZQUEZ USC/CIRP

A galiña azul e *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*, de Carlos Casares (Ourense, 1941 -Vigo, 2002), publicadas tras obter o I Concurso Nacional de contos infantís (1968) e o I Concurso de Teatro infantil galego (1973), da Asociación Cultural O Facho, merecen ser relidas por achegar innovacións técnicas, recursos formais, unha linguaxe propia do lectorado agardado, novos modelos de sociedade e un cambio de valores, ademais de afondar na crítica social, modernizar a LIX e inaugurar a literatura de tendencia fantástico-realista.



'A Galiña azul', de Carlos Casares, unha obra pioneira na literatura infantil galega

Casares abeirou á LIX con *A galiña azul*, dedicado a Ana Lasqueti González -Pardo e construído a raíz do *leit motiv* dunha carta enviada para que non esqueza que é galega, polo que os cinco relatos que a acompañan están escritos na súa lingua natal e son: *O peixe da fonte do xardín*, *A bomba da felicidade*, *A galiña azul*, *A formiga esquiadora* e *O final da historia da galiña azul*, unidos polo narrador omnisciente e testemuña e porque se desenvolven no mesmo espazo físico, ademais de contar coa presenza de personaxes como a galiña azul, o garda, Leoncio, Lorenzo e Manolito Listón. A primeira edición complementouse cos debuxos en cores frías e cálidas realizadas polos fillos de Xohán Ledo.

Pola súa banda, *As laranxas máis laranxas de tódalas laranxas* consta dun único acto e comeza co nacemento dunhas laranxas de gran tamaño no limoeiro da horta de Elías e Anxa. Enlázanse anécdotas cheas de nonsense, hipérboles, humor e surrealismo, protagonizadas polos donos da horta, o can Paulino e a galiña Petra, nas que tamén participan veciños que acoden ao oír o estrondo do estoupido dunha laranxa. A edición enriquecese cos bocetos de figuríns e co decorado xeral para a representación da peza realizados por Luís Seoane López (Bos Aires, 1910-A Coruña, 1979).

As dúas obras propostas para a súa relectura, que contan con reedicións actuais, comparten unha linguaxe sinxela e directa para achegarse a un amplo lectorado. Nelas establécense intertextualidades cos mitos da cornucopia da ninfa Amaltea e o "Ábrete, Sésamo" d'*As mil e unha noites* e con *Alice's Adventures in Wonderland* (1864), de Lewis Carroll.

E tamén intratextualidades entre a galiña Petra e a galiña azul e entre os obxectos que saen da laranxa e a bomba da felicidade, xa que Casares presentou arquetipos de personaxes que desenvolvía, en maior ou menor grao, segundo as necesidades temáticas, argumentais e estilísticas de cada obra da LIX.

Transmítense valores como a tenrura, a constancia, a solidariedade, a preocupación e o apoios aos demais e a xenerosidade, entre outros. E críticase a non defensa do dereito a ser diferentes e libres, de aí a burla castigo que sofre Manolito Listón por opresor e o castigo do avarento Veciño da Escopeta.

caracocha4@hotmail.com